

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 21 DE DECEMBRO DE 2017

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte horas do día vinte un de decembro de dous mil dezasete, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnense os sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledesma; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D^a M^a Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo.

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

Dáse conta á Corporación das actas de sesións anteriores, correspondentes á ordinaria celebrada con data 4 de maio de 2017; á extraordinaria celebrada con data 29 de maio de 2017 e á extraordinaria celebrada con data 19 de outubro de 2017.-

Pola Sra. Peña Muñiz indícase que no punto 2º da orde do día da acta de 29 de maio, na súa intervención, no parágrafo que fae referencia ós gastos dixo que: "*Que antes o equipo de goberno supoñía un gasto 42.000 euros e agora 103.500 (o que supón un incremento do 150%) ; que ademais agora se prevé 53.500 euros máis para a contratación de persoal*".- Que na páxina 8 a intervención do Sr. Serantes non queda clara que o que quixo dicir é que "*escoitando a intervención do Sr. Oubiña non ten claro quen forma parte do goberno e quen da oposición (como cando o equipo de goberno lles fae preguntas á oposición)*"

Feitas ditas aclaración as actas son aprobadas na forma en que quedan redactadas, coas observacións anteriores.-

2º.- DESAFECTACIÓN DE PARCELA PARA POSTERIOR PERMUTA EN PONTEARNELAS.-

Polo Sr. Oubiña Lago dase conta das xestións que ven realizando D. Isidoro Serantes Novo para que se proceda á desafectación dun tramo dun camiño que figura na parcelaria e non existe realmente, no lugar de Pontearnelas na parroquia de Leiro para a súa posterior permuta por outra parcela propiedade do solicitante.

Da cuenta que o Concello procedería á desafectación e posterior cesión a D. Isidoro Serantes Novo dunha parcela de 130 m² e o propietario cedería ó Concello unha parcela de 66 m² e tería que pagar ó concello un importe de 940,80 euros pola diferenza de valor das parcelas a permutar.

Dase conta do informe emitido polo Técnico co seguinte contido:

PERMUTA DE TERRENOS

1. FINCAS INICIALES PROPIEDAD DE D. ISIDORO SERANTES NOVO

1.1 Finca urbana 1

Sita en el nº 1 de Rúa Ponte Arnelas de Leiro.

Finca número 359 de la zona de Concentración Parcelaria de Leiro, con una superficie de QUINCE ÁREAS Y TREINTA CENTILÁREAS (1.530.00 m²) sobre la que existe una casa-vivienda unifamiliar de plantas semisótano, baja y alta y superficie construida total de quinientos catorce metros cuadrados (514.00 m²) más un porche exterior de quince metros cuadrados (15 m²), construida en el año 1.987.

Lindes

- Norte Finca nº 352 de José Paz Alfonsín, estanque en medio y zona excluida de propietarios desconocidos.
- Sur Camino
- Este Finca número 358 de María Mongán Rodríguez
- Oeste Camino, edificación y carretera de la Coruña a Pontevedra

Datos de inscripción en el Registro de la Propiedad

- Tomo 639, Libro 43 de Ribadumia, Folio 20, finca nº 5.564, inscripción 1ª.

1.2 Finca urbana 2

Sita en Leiro-Ponte Arnelas nº 11.

Parcela de terreno destinada a huerta, de una superficie de TRESCIENTOS DIEZ METROS CUADRADOS (310 m²)

Lindes

- Norte Camino
- Sur Carretera
- Este María del Carmen Alfonsín Núñez
- Oeste En parte camino y en parte carretera, donde termina en vértice.

Datos de inscripción en el Registro de la Propiedad

- Tomo 756, Libro 60, Folio 5, finca nº 8.196, inscripción 2ª

Cargas

Finca libre de toda carga, gravamen o limitación, según aseguran los comparecientes.

2. SITUACIÓN URBANÍSTICA

As parcelas descritas no apartado anterior están clasificadas segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL (SNR)** e conta con todos os servizos urbanísticos que sinala o art. 17.a) da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro na súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a esta Lei nin a Lei 9/2002, “**Ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais aplicaráselle integramente o disposto no plan respectivo...**”, no noso caso o P.X.O.M. vixente. (ordenanza de aplicación recollida nas seccións primeira a quinta do capítulo I do título IX, artigos 193 ó 214, e sección segunda do capítulo III do mesmo título, artigos 260 ó 263).

3. DESCRIPCIÓN DE LOS BIENES OBJETO DE PERMUTA

De acordo coa situación actual, tras as obras de urbanización e peche realizadas, descríbense as partes de terreo a segregarse e permutar das leiras propiedade do Sr. Serantes Novo e do Concello.

3.1 Propiedad de D. Isidoro Serantes Novo

Franxa de terreo incluída na Leira Urbana nº 2, antes descrita, dunha extensión superficial de SESENTA E SEIS METROS CADRADOS (66,00 m²) que linda:

- Norte Camiño
- Sur Estrada
- Este María del Carmen Alfonsín Núñez
- Oeste En parte camiño e en parte estrada, onde termina en vértice.

3.2 Propiedad municipal

Franxa de terreo destinada a camiño, dunha extensión superficial de CENTO TRINTA METROS CADRADOS (130,00 m²) que linda:

- Norte e Oeste Finca nº 1, antes descrita, de D. Isidoro Serantes Novo
- Sur e Este Estrada e finca nº 2, antes descrita, de D. Isidoro Serantes Novo

Os terreos permutados teñen en común a mesma clasificación urbanística, similar fronte a vía pública e o non ser edificables ao incumprir os parámetros mínimos que establece o P.X.O.M. (superficie mínima de parcela e fronte mínimo de parcela a vía pública).

4. VALORACION DO TERREO QUE PERMUTA O CONCELLO

Polo exposto anteriormente, tratáse dunha permuta de terreos similares do que resulta unha diferenza de SESENTA E CATRO metros cadrados (64,00 m²) que o Concello entrega a maiores, polo que esta superficie debe ser obxecto de valoración para fixar a achega do permutante beneficiado, Sr. Serantes Novo.

Polos condicionantes urbanísticos e características da parcela, estamos non ante unha parcela independente, senón ante un resto de leira, polo que para a súa valoración non se poden tomar prezos medios das últimas transaccións (49.00 €/m²) de solo no Núcleo Rural de Ponte Arnelas ou noutros similares. É por iso que parece xusto utilizar o último prezo unitario afectado dun coeficiente reductor que estimo nun 70 % por ser un resto de parcela e por no ser edificable.

Con eses datos temos que o valor do resto de terreo, de 64 m² de superficie, é o seguinte:

$$\text{Valor terreo} = 64,00 \text{ m}^2 \times 49 \times 0,30 = 940,80 \text{ euros}$$

O valor dá superficie de terreo que cede o Concello na presente permuta a favor de D. Isidoro Serantes Novo alcanza a cifra de NOVECIENTOS COARENTA EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (940.80€)

5. Conclusión final

Como queira que o existe unha diferenza de 64 m² entre as superficies permutadas, diferenza que cede o Concello a maiores, en base a os prezos de mercado tomados dunha media de 15 terreos do municipio e comarca, a permuta se resolve do modo seguinte:

I.- O Concello entrega ó Sr. Serantes Novo a parcela descrita no apartado 3.2 do informe, de CIENTO TRINTA METROS CADRADOS (130,00 m²), libre de cargas e gravámenes.

II.- Don Isidoro Serantes Novo entrega ó Concello a parcela descrita no apartado 3.1, de SESENTA E SEIS METROS CADRADOS (66,00 m²) libre de cargas e gravámenes, e un importe de NOVECIENTOS COARENTA EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (940.80€).

O Sr. Oubiña Lago dí que se trata dunha desafectación dun antigo tramo de camiño que figura na concentración parcelaria, pero que non existe realmente.- Engade que o Concello cede 130 m² e o propietario entrega 66 m² e pagaría ao Concello 940,80 euros.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e dí que este punto xa se debatiu na Comisión Informativa e que non se corresponden os planos coa nova documentación aportada para o Pleno; que non se entregaron planos da parcelaria.- Que non poñen en dúbida que esté correcto, pero que dada a incongruencia de planos e as dúbidas que xurden, van a absterse.- Que vota en falta un plano da parcelaria no que figure o trozo de finca que se lle colleu, no seu día, ao particular para abri-lo camiño actual.- Que hai que partir da base do plano de concentración parcelaria que era o que reflectía ese camiño e que figura a propiedade que se lle colleu.- Que se lle facilitan distintos planos e con distintas superficies, e que o técnico se refire a un plano de concentración parcelaria.

O Sr. Alcalde dí que se abriu un camiño nos anos 80 e en 15 anos non se regularizou a situación e que se agora lle pon trabas é por poñer; que podería ter pasado polo Concello a examinar ditos planos o falar co técnico.-

Que se lle está dando toda a documentación; si en 15 anos non sabía que existía ese camiño; que se trata de regularizar unha situación que non se axustaba á realidade.- Lle preocupa que diga que se van a abster por un plano cando dí que non desconfía do informe do técnico, non ten sentido.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal por maioría de sete votos a favor e seis abstención (P.P) acorda:

1º Inicialo expediente para a desafectación de bens de dominio público, para a súa posterior permuta co Sr. Serantes Novo.

2º) Que se expoña ó público por espazo dun mes a efectos de presentación de alegacións.

3º) Que, no seu caso, se remita o expediente ó organismo competente da Comunidade Autónoma para que emita o preceptivo informe, previo á resolución do mesmo e posterior permuta ao colindante.

DILIXENCIA.- Que poño eu, Secretaria, para facer constar que neste intre abandona a sesión a Sra. Martínez Troncoso, que non participa na deliberación nin votación do asunto que se trata a continuación.

3º.- DESAFECTACIÓN DE PARCELA PARA POSTERIOR PERMUTA EN REGUEIRA.-

Dase conta que por D^a M^a José Martínez Troncoso tense presentado escrito no que indica que é propietaria dunha parcela de concentración parcelaria de Leiro-Ribadumia (identificada nos planos de concentración parcelaria como parcela 151 do Polígono 1) que na actualidade coincide en parte coa parcela catastral da parcela 151 do polígono 501 e en parte coa parcela urbana 0680903NH2008S0001BX; que a parcela configurouse seccionada por un camiño que non se chegou a realizar a súa apertura total, ocupando parcialmente o seu trazado polos titulares da parcela nº 151, de xeito que nunca existiu separación entre ambas partes da finca, sendo o seu aproveitamento como unha finca continua, sen existir físicamente un seccionamento da parcela debido a existencia deste camiño público e por eso solicita a desafectación parcial do camiño que non chegou a ser aberto, para poder realizar a permuta do terreo do que se solicita a desafectación co terreo da súa propiedade que se cederá a viais.-

Dase conta do informe do Técnico, co contido seguinte:


“INFORME

1. DESAFECCIÓN PARCIAL DE CAMIÑO

1.1 Antecedentes e situación actual

Trala aprobación definitiva da Concentración Parcelaria de Leiro realizada en febreiro de 1.980, a propiedade da peticionaria, leira nº 151 do Polígono 1, quedou dividida por un espazo destinado a camiño público.

O feito é que ese camiño nunca se executou dada a importante diferenza de nivel do terreo respecto da rasante da estrada EP-9305, polo que o acceso á parcela nº 150 realizouse pavimentando o extremo Norte da súa propiedade, invadindo parte da mesma.



Non existe unha explicación clara do trazado proposto na C.P. de Leiro ao deseñar unha dobre conexión co viario principal e os perigos que supón unha conexión en pronunciada rampla, vertical ao mesmo. É por iso que o camiño se pavimentou ocupando a leira da peticionaria cun trazado curvo que permite unha conexión segura coa estrada EP-9305.

1.2 Proposta da peticionaria

Ante a situación real, antes exposta da ocupación parcial da propiedade, a peticionaria solicita a desafección parcial do camiño, na zona que nunca foi aberto, para realizar a permuta desa zona coa superficie ocupada da súa parcela polo camiño existente.

De acordo co proxecto presentado, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Xullo Reboredo Froiz, a superficie varía a desafectar é de 95.00 m², parcela de forma irregular que ten un fronte á estrada EP-9508 de 5.44 m².

2. SITUACIÓN URBANÍSTICA

A superficie de camiño a desafectar descrita no apartado anterior están clasificada segundo o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL (SNR)** e conta con todos os servizos urbanísticos que sinala o art. 17.a) da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

A entrada en vigor da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro na súa disposición transitoria primeira, dispón que nos Concellos que, como é o caso de Ribadumia, non contén co Planeamento adaptado a esta Lei nin a Lei 9/2002, “**Ó solo incluído no ámbito dos núcleos rurais aplicaráselle integramente o disposto no plan respectivo...**”, no noso caso o P.X.O.M. vixente. (ordenanza de aplicación recollida nas seccións primeira a quinta do capítulo I do título IX, artigos 193 ó 214, e sección segunda do capítulo III do mesmo título, artigos 260 ó 263).

A zona a desafectar non cumpre cos parámetros urbanísticos que sinala o artigo 190 da vixente PXOM, de superficie e fronte mínimo de parcela, polo que non é edificable en se mesma e caso de aprobarse a desafección e permuta deberá agruparse á leira n° 151, propiedade da peticionaria, no mesmo acto de elevación a escritura pública. (art. 150.2 da Lei 2/2016 do 10 de Febreiro, do Solo de Galicia).

3. FINCA INICIAL PROPIEDAD DE DNA. MARIA JOSÉ MARTÍNEZ TRONCOSO

Finca urbana, sita no n° 3 da Rúa Regueira de Leiro.

Finca número 151 da zona de Concentración Parcelaria de Leiro, cunha superficie total de OITENTA E TRES AREAS CINCUENTA CENTILÁREAS E SETENTA E CINCO DECÍMETROS CADRADOS (8.350,75 m²) sobre a que existe unha casa-vivenda unifamiliar de plantas soto, baixa e baixo cuberta cunha superficie construída total de catrocentos trinta e catro metros cadrados (434.00 m²) construída, segundo a ficha catastral, no ano 1.977.

A finca, escriturada en conxunto, trázouse pola C.P. de forma descontinua e posúe unha pequena zona separada da leira onde se atopa a edificación por medio do camiño antes descrito. Esa zona de acordo co levantamento topográfico achegado ten unha superficie total de 271 m² e linda ao Norte, Sur e Oeste con camiño e ao Leste coa estrada EP-9305, de Noalla a Caldas.

- Datos de inscrición no Rexistro da Propiedade

Tomo 635, Libro 41, Folio 159, finca n° 5353, inscrición 3ª

- Finca atravesada por un camiño que a divide en dúas porcións

Cargas

Fincas libres de toda carga, gravame ou limitación, segundo aseguran os comparecentes.

4. DESCRIPCIÓN DOS BENS OBXETO DE PERMUTA

De acordo coa situación actual, tras as obras de urbanización e peche realizadas polo Concello e a propiedade, descríbense as partes de terreo a segregar e permutar das fincas propiedade da Sra. Martínez Troncoso e do Concello.

3.1 Propiedade de Dna. María José Martínez Troncoso

Franxa de terreo incluída na finca Urbana antes descrita, dunha extensión superficial de CENTO VINTEOITO METROS CADRADOS (128,00 m²) que linda:

- Norte e Oeste Camiño
- Sur Finca nº 151
- Leste Estrada EP-9305

3.2 Propiedade municipal

Franxa de terreo destinada a camiño, dunha extensión superficial de NOVENTA E CINCO METROS CADRADOS (95,00 m²) que linda:

- Norte Camiño
- Sur Finca nº 151
- Este Finca nº 150 de Rosa Abal González

Os terreos permutados teñen en común a mesma clasificación urbanística, similar fronte a vía pública e o non ser edificables, ao incumprir os parámetros mínimos que establece o P.X.O.M. (superficie mínima de parcela e fronte mínimo de parcela a vía pública).

5. CONCLUSIÓN FINAL

Polo exposto respecto da inexistencia actual do tramo final do camiño, procede a desafección parcial do mesmo nunha superficie de noventa e cinco metros cadrados.

Por outra banda, procede a permuta de dito terreo co aportado pola peticionaria, dado que existe unha diferenza de TRINTA E TRES METROS CUADRADOS (33.00m²) entre as superficies permutadas, diferenza que cede a favor do Concello a Sr.a Martínez Troncoso, o tratarse de solos similares a permuta se resolve do modo seguinte:

I.- O Concello entrega á Sra. Martínez Troncoso a parcela resultante da desafección parcial do camiño, antes descrita neste informe, de NOVENTA E CINCO METROS CADRADOS (95,00 m²), libre de cargas e gravámenes.

II.- Dona María José Martínez Troncoso entrega ó Concello a parcela descrita no apartado 3, de CENTO VINTEOITO METROS CADRADOS (128,00 m²) libre de cargas e gravámenes.

A Sra. Peña Muñiz día que neste caso entende que sí está completa a documentación e van votar a favor.

O Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes neste momento (12 votos) acorda:

1º Inicialo expediente para a desafectación de bens de dominio público, para a súa posterior permuta ca Sra. Martínez Troncoso.

2º) Que se notifique aos veciños colindantes e se expoña ó público por espacio dun mes a efectos de presentación de alegacións.

3º) Que, no seu caso, se remita o expediente ó organismo competente da Comunidade Autónoma para que emita o preceptivo informe, previo á resolución do mesmo e posterior permuta ao colindante.

DILIXENCIA.- Que poño eu, Secretaria, para facer constar que neste intre se incorpora á sesión a Sra. Martínez Troncoso, que participa na deliberación e votación dos asuntos que se tratan a continuación

4º.- NOMEAMENTO DE XUIZ DE PAZ TITULAR.-

Pola Sr. Alcalde dase conta do procedemento realizado para a designación de Xuíz de Paz Titular deste Concello segundo o acordo adoptado polo Pleno con data 7 de setembro de 2017, informando de que publicado o anuncio no Boletín Oficial da Provincia e os bandos correspondentes presentáronse seis solicitudes no prazo establecido indicando que tres son de persoas residentes en Ribadumia e as outras de distintos lugares (Vigo, Campo Lameiro e Pontevedra).

Indica que considérase procedente tendo en conta as funcións que deberá realizar, que a persoa designada sexa de Ribadumia e coñecedor do Concello e dos veciños.- Que dado que un dos candidatos a optar ó cargo de Xuíz de Paz titular é a persoa que ven desenrolando o cargo dende hai catro anos e que anteriormente desenrolou o cargo de xuíz de paz substituto, e que exerceu durante case corenta anos como funcionario municipal e durante dez como secretario do vulgado, propón que se propoña a designación de D. José Basilio Castro Pintos como Xuíz Titular de Ribadumia.

O Pleno da Corporación, unanimidade dos Sres. asistentes: 1º Designar a D. JOSE BASILIO CASTRO PINTOS como Xuíz de Paz Titular do Concello de Ribadumia e que se dea conta do presente acordo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o seu nomeamento.

5º.- CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES E CLUBS (15% RESTANTE)

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e da conta de que se somete á consideración do Pleno Municipal a concesión do 15% restante existente nas

correspondentes partidas para a concesión de axudas a entidades e clubs, das que en maio do presente ano xa se concedeu o 85% restante da partida para que os clubs puideran saber con canto podían contar para levar a cabo as súas actividades.

Explica como se realizou o cálculo do 15% e dí que houbo modificacións respecto da solicitude inicial: a Asociación Herminio Barreiro no levou a cabo o Triatlón e presentou catro actividades máis e Esmar que fixo o festival benéfico e se concederon outras dous máis.

Da conta das cantidades que se propón conceder e do total das mesmas; dí que excepto a do Banco de Alimentos están todas xustificadas e pagadas ou para pagar a 31 de decembro.- Que hai tres que aínda non xustificaron toda a cantidade que lle correspondeu (e teñen ata o 20 de xaneiro) e que a maioría xustificou máis importe que a axuda concedida.-

Por último dá un repaso ás cantidades concedidas nos últimos catro anos e lembra que este equipo de goberno adquiriu o compromiso de repartir toda a consignación da partida; para as entidades culturais, que no ano 2014 só se repartiu o 33% da partida, no ano 2015 o 43% e no ano 2016 o 85% aproximadamente e no ano 2017 repártese o 100%. - Felicita a todas as entidades pola labor que realizan a prol do veciños e nenos do Concello e recoñece que o que se lles outorga é so unha pequena axuda en comparación coa labor tan importante que veñen realizando.

Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez para expresar que non quere ser reiterativo co que xa dixo no mes de maio, coma consecuencia do acordo de concesión de axudas.- Quere loubar a labor que fan ao longo de todo o ano todas as entidades; que a axuda que se lle conceda toda é pouca.- Lembra ao Club O Muiño que foi capaz de organizar unha gala moi importante co conseguinte beneficio que iso supuxo para a hostelería e para os veciños en xeral.

Polo que respecta ao expediente di que non están de acordo porque non está ben; que falta xustificacións, entendemento e non cumpre as bases aprobadas so polo equipo de goberno e no reparto non seguen a norma que eles mesmos redactaron e xenera dificultades para entendelo.

Que as propias entidades non as entenden e por iso xustifican menos importes; que non conseguen entender as bases e perden axudas por non xustificar o solicitado.-

Que, sendo coherente co anterior reparto realizado no mes de maio o seu grupo vaise abster, pero quere facer fincapé na comparativa realizada e sobre todo nos conceptos; que a información facilitada pola Sra. Martínez Troncoso é sesgada; que nos anos 2014 e 2015 se omiten outras axudas que tamén se concederon como axudas a maiores ás entidades deportivas, pagos de actuacións organizadas pola entidades ou actuacións das bandas nas festas parroquiais.

A Sra. Martínez Troncoso contesta que o que dí que o expediente non está ben, o dí el, porque nin sequera ven a velo e tampouco solicita máis información se ten algunha dúbida; que sen velo é moi fácil afirmar cousas que non entende él ou que

non quere entender; que as previsións son segundo as actividades que as propias entidades presentan e se reducen si non fan todas as actuacións ou se non teñen facturas para xustificar (que tamén pode pasar).

Respecto á comparativa dí que segundo os datos a que se refire o Sr. Serantes, entón agora tamén pode sumar os 10.000 euros que se dan para festas parroquiais; fala das bases que tiñan que él di que se aprobaban por unanimidade (que non é así en todos os casos) pero non eran claras nin obxectivas.- Engade que as entidades teñen ata o 20 de xaneiro para xustificar o que falta; que é bo que no mes de maio se faga unha previsión do que se lles vai a dar e se conceda unha parte para que os clubs e entidades poidan saber co que van a contar.- Respecto ó comentado da Gala de Piragüismo dí que o Club lles tramitiu que xa a intentaron facer anos antes e non foron capaces, que por algo sería e que este equipo de goberno colaborou en todo o que foi posible.

O Sr. Serantes dí que a organización da Gala non compete ao Concello, aínda que hai que axudar e colaborar e se se pode organizar é tamén grazas ás instalacións coas que conta Ribadumia.-

Insiste en que calquera cantidade que se lle conceda é pouca a todas as entidades e que se lles dea canto antes.

O Sr. Oubiña Lago di que na lexislatura anterior forzou para que algunha das entidades non recibiran axudas con esas bases e que tamén houbo algunha que non foi capaz de xustificar.- Que se reúnen as asociacións cando se abre o prazo e se lles explica.- Que agora tamén se axuda doutras formas colaborando coas entidades e que antes se outorgaban axudas sen ter en conta as bases; que as bases non eran válidas e logo se compensaba doutras formas con outras cousas por detrás.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que ao parecer todos están de acordo en que toda axuda que lle dean é pouca e que a labor é enorme; que este equipo de goberno está moi sensibilizado coa cultura e o deporte e colabora en todo o que é posible; que colaborou coa Gala de piragüismo, organizou a de fútbol feminino, colaborou coa Federación Galega de Fútbol na organización de eventos en Ribadumia e para iso é necesario facer convenios e aportacións e supón máis gastos e loxística ademais das cantidades que se outorgan por subvencións.

Engade que as bases son obxectivas e se consideran que poden ser mellorables, non presentaron proposta algunha.- Que na súa exposición o Sr. Serantes mezclou as axudas a entidades deportivas e culturais; lembra que o anterior equipo de goberno non concedía axudas polo total do importe que tiña a partida en presuposto e este equipo de goberno en 2016 concedeu axudas por importe de 73.000 euros e no 2017 por importe de 77.000 euros; que os datos son claros e así o entenden todos e volve a dar conta dos importes das axudas concedidas de 2014 a 2017 e di que con estes datos os veciños poderán ver se se repartiu máis axudas ou non.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo mixto) e seis abstencións (P.P) , acorda, que vistas as xustificacións presentadas por cada unha das entidades e clubs ós que concedéronse axudas en sesión plenaria de 29 de maio de 2017, ampliar as axudas concedidas ás entidades que se indican, sendo o **importe total concedido** para o presente exercicio o que se indica :

Subvencións no Eido do DEPORTE:

ENTIDADE	85% (Importe concedido o 29/05/17)	Importe final total
CLUB NAÚTICO PIRAGÜISMO O MUÍÑO	7.082,20	8.332,00
UMIA C.F.	9.375,62	11.030,15
C.D. RIBADUMIA	8.862,13	10.246,03
CLUB RIBADUMIA DE TENIS DE MESA	2.377,08	2.796,57
CLUB SALNÉS PADEL	1.003,91	1.181,07
SOCIEDADE DE CAZADORES DO SALNÉS (TECOR)	199,05	234,18

Subvencións no Eido da CULTURA, EDUCACIÓN E PROMOCIÓN ECONÓMICA:

ENTIDADE	85% (Importe concedido o 29/05/17)	Importe final total
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ANDRÉS DE BARRANTES	1.720,98	2.018,41
ASOCIACIÓN GASTRONOMÍA E CULTURAL FESTA DO POLO	934,55	1.096,06
BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE RIBADUMIA	1.629,29	1.910,87
ASOCIACIÓN CULTURAL HERMINIO BARREIRO	1.858,52	2.241,75
AGRUPACIÓN MÚSICO CULTURAL DE RIBADUMIA	1.793,28	2.103,20
ASOCIACIÓN CULTURAL GRUPO TEATRO ALECRÍN	925,73	1.085,72
ASOCIACIÓN XUBILADOS A SENRA	705,32	827,22
ASOCIAC. CULTURAL,DEPORTIV. GASTRONÓMICA PÉ DE CUBA	1.255,47	1.472,44
ASOCIACIÓN CULTURAL TRASNOS DO SALNÉS	1.273,10	1.493,12
ASOCIACIÓN FESTEIROS DE LEIRO	1.292,50	1.515,87
ANPA CRA DE RIBADUMIA	1.393,01	1.633,75
ANPA CPI JULIA BECERRA MALVAR DE RIBADUMIA	2.218,23	2.601,59

Subvencións no eido de ACCIÓN SOCIAL E OUTRAS:

ENTIDADE	85% (Importe concedido o 29/05/17)	Importe final total
ASOCIACIÓN ESPERANZA SALNÉS	910,71	1.006,10
FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	2.069,81	2.069,81

AECC Pontevedra	551,95	609,76
ESMAR Maltrato Cero	717,53	1.097,56
BANCO DE ALIMENTOS (Convenio)	1.000,00	1.000,00
AGRUPACIÓN VOLUNTARIOS PROTECCIÓN CIVIL	3.000,00	3.000,00

6º.- MODIFICACIÓN E APROBACIÓN DE ORDENANZAS DE TAXAS E IMPOSTOS PARA APLICAR BONIFICACIONES.-

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso e aclara que, no que respecta á bonificación da taxa de saneamento, refírese ós grupos II e III (xa que o grupo I é de vivendas e estas bonificacións son para empresas)

Dase conta da proposta do teor literal seguinte:

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE DIVERSAS TAXAS E IMPOSTOS MUNICIPAIS

Co fin de facilitar a instalación de novas empresas no Concello de Ribadumia e, polo tanto, fomentar o emprego, proponse a aprobación das seguintes medidas:

1. BENEFICIOS FISCAIS EN TAXAS:

TAXA DE ABASTECIMIENTO: *Modifícase o artigo 5, quedando redactado da seguinte maneira:*

Establécense as seguintes bonificacións:

- * Locais comerciais: 95% do importe da taxa de abastecemento, ata 15m³, **durante o 1º ano.***
- * Fábricas e talleres: 50% do importe da taxa de abastecemento, ata 15m³, **durante o 1º ano.***

TAXA DE LIXO: *Modifícase o artigo 5, quedando redactado da seguinte maneira:*

Establécense as seguintes bonificacións:

- * Grupos medios: 95% do importe da taxa de lixo **durante o 1º ano.***
- * Grupos altos: 50% do importe da taxa de lixo **durante o 1º ano.***

TAXA DE SANEAMENTO: *Modifícase o artigo 5, quedando redactado da seguinte maneira:*

Establécense as seguintes bonificacións:

- * Grupos II e III: 95% do importe da taxa de saneamento **durante o 1º ano.***

** Resto de grupos (a excepción do grupo I): 50% do importe da taxa de saneamento durante o 1º ano.*

TAXA POR LICENCIA DE APERTURA: *Modifícase o artigo 7, quedando redactado da seguinte maneira:*

Establécese as seguintes taxas reducidas:

** Actividades eventuais e actividades sometidas a comunicación previa: 100€.*

** Actividades que requiran licenza: redución do 50% da taxa aplicable.*

** Así mesmo, considérase que non integran o feito impoñible e, como consecuencia, non están suxeitas a esta taxa aquelas actividades para as que se solicite licenza de apertura ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE VERIFICACIÓN DOS REQUISITOS URBANÍSTICOS DAS CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS:

Establécese o seguinte:

O feito impoñible está determinado pola prestación de servizos administrativos consistentes na actividade municipal desenvolvida con motivo da realización de instalacións, construcións ou obras, tendente a verificar se as mesmas se realizan con suxeición ás normas urbanísticas de edificación e policía vixentes, en orde a comprobar que aquelas se axustan aos Plans de Ordenación vixentes, que sexan conformes ao destino e uso previstos, que non atenten contra a harmonía da paisaxe e condicións de estética, que cumpran coas condicións técnicas de seguridade, salubridade, hixiene e saneamento e, finalmente, que non exista ningunha prohibición de interese artístico, cultural, histórico ou monumental, xa se atopen suxeitas a preceptiva licenza municipal, ou poidan ser susceptibles de comunicación previa ou declaración responsable consonte á normativa urbanística e sectorial relacionada coa mesma vixente, así coma os servizos administrativos que se presten con relación a expedientes derivados da reposición da legalidade urbanística, no seu caso.

Non integran o feito impoñible e, como consecuencia, non están suxeitas a esta taxa aquelas solicitudes de servizos ou actividades encadrados no apartado anterior cando teñan por obxecto levar a cabo a implantación no termo municipal dunha nova empresa, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

En todos estes casos establécese, así mesmo, que, ata a entrada en vigor destes beneficios fiscais, a aquelas sociedades ou empresas de nova implantación que así soliciten se lles aplicará a correspondente redución do importe correspondente á

taxa con cargo á partida presupostaria que, con este fin, se establecerá no orzamento para o ano 2018.

2. BENEFICIOS FISCAIS EN IMPOSTOS:

IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO): *Modifícase o artigo 5, quedando redactado da seguinte maneira:*

*Establécese unha bonificación do 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan **declaradas de especial interese ou utilidade municipal** por concorrer circunstancias de **fomento do emprego**, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:*

- 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo
- 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

ORDENANZA IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI):

Artigo 1.-

O imposto sobre bens inmobles (IBI) rexerase neste municipio:

a) Polas normas reguladoras deste contidas na Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.-

Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplíen as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Disposición Adicional Única.-

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final.-

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día -- de ----- de ----, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final.-

As presentes modificacións fiscais entrarán en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADE ECONÓMICAS DO CONCELLO DE RIBADUMIA.-

Art. 1.

O imposto sobre actividades económicas (IAE) rexerase neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras deste contidas na Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.*
- b) Polas tarifas e instrución do imposto, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e Real decreto legislativo 1259/1991, do 2 de agosto.*
- c) Pola presente ordenanza fiscal.*

Artigo 2.-

Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto

Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Disposición Adicional Única.-

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final.-

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día -- de ----- de ----, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Pola Sra. Martínez Troncoso dase conta de cada unha das modificacións e aprobación de ordenanzas fiscais e bonificacións que constan na proposta. Así mesmo indica que, dado que as modificacións que se aproben non entrarán en vigor no exercicio de 2018, existirá no orzamento partidas para que aquelas sociedades ou empresas de nova implantación que así soliciten se lles poida aplicar a correspondente redución do importe correspondente á taxa mediante unha liña de axudas para este fin.

A continuación toma a palabra a Sra. Peña Muñiz, e manifesta que as bonificacións que se traen a pleno son medidas que puxo en marcha a Xunta de Galicia coa Lei de Fomento da Implantación de medidas empresariais en Galicia, que o que pretende é que as empresas se implanten no territorio galego para que creen emprego e activar a economía.- Que o grupo do P.P. se alegra que o Concello se adhira a estas medidas que puxo en marcha a Xunta, mediante un convenio coa FEGAMP para fomentar a implantación de empresas e a creación de emprego e ó que os Concellos tense que adherir porque a Xunta non ten competencias para aprobar estas bonificacións.- Entende que este é o primeiro paso para adherirse a dito Convenio, no cal unha das medidas é a aprobación destas bonificacións.-

Ademáis das bonificacións explicadas pola Sra. Martínez Troncoso, vinculadas á creación de emprego, con esta lei preténdese máis simplificación administrativa; que tamén hai que asumi-lo compromiso de que as obras maiores se resolvan en 30 días e

se facilite o acceso ao solo industrial; que se alegra que o concello se adhira a estas medidas, pero que logo se aplican outras taxas ás empresas (como a colocación de sinais indicativas, que antes non se cobraban e este equipo de goberno as aprobou); que propón novamente que se suprima dita taxa e se manteña só para a colocación e non polo mantemento.

A Sra. Martínez Troncoso dí que a lei non manda rebaixar as taxas da auga, lixo ou saneamento.- Que esto non é pola adhesión ao convenio xa que a lei non manda bonificar esas taxas; que o que se está adoptar é un acordo de baixada de taxas para fomentar o emprego.- Que o de ser Concello emprendedor que aínda se está valorando.- Contesta que a taxa de colocación de sinais non é obrigatoria; que as taxas subiron durante as lexislaturas nas que gobernou a Sra. Peña (como as de auga, lixo e saneamento que no ano 2011 subiron bastante afectando a empresas e vivendas)

O Sr. Oubiña Lago di que a Xunta aproba unha lei para que os Concellos bonifiquen e ingresen menos e encima o P.P. se enorgullece diso; que estanse adiantando, xa que este non é o acordo de adhesión que aínda se está a valorar; que é unha norma que o P.P. meteu pola porta de atrás para que non houbera críticas, pero para algúns concellos poden ser moi perxudiciais.- Que é certo que de momento aínda non se falou da adhesión e vota en falta que o P.P. non faga propostas de redución de taxas.

A Sra. Peña Muñiz manifesta que as medidas que se están aprobando son exactamente as que sinala a lei de emprendemento aprobadas pola Xunta, que non son medidas de elaboración propia do equipo de goberno sino que son as da Xunta e que é certo que os concellos voluntariamente se poden adherir ou non; que o seu grupo propón que se continúe e se faga tamén a adhesión porque vai traer beneficios nas axudas que se convoquen (ADL, parques empresariais, etc).

Toma a palabra o Sr. Alcalde e di que este equipo de goberno xa viña estudando esta baixada hai tempo e se pode baixar porque se está a facer unha boa xestión; que o tema da ordenanza de sinais a que fan referencia se trata de regularizalas e ordenar a súa colocación (non é co fin de recadar como ela está tratando de facer ver aos veciños).- Que este equipo de goberno está tratando de axudas ás empresas con distintas actuacións; que no 2010 concederon unha subvención de 63.000 euros para instalar cámaras de vixilancia e os empresarios do Polígono aportaron outros 13.000 euros e as cámaras nunca funcionaron; despois de gastar uns 75.000 euros non se puxeron en funcionamento; no ano 2015 perdeuse unha subvención e no 2016 e 2017 se acadaron subvencións de máis de 100.000 euros cada ano.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Prestar aprobación á modificación das ordenanzas fiscais que se indican e co contido seguinte:

- Taxa de abastecemento domiciliario de auga
- Taxa por prestación do servizo de recollida domiciliaria de lixo
- Taxa por prestación do servizo de sumidoiros
- Taxa por licenza de apertura de establecementos.
- Taxa pola prestación de servizos de verificación dos requisitos urbanísticos das construcións, instalacións e obras.
- Imposto sobre Construcións, Instalacións e obras (ICIO)

2º.- Prestar aprobación ás Ordenanzas dos impostos que se indican e co contido seguinte:

- Ordenanza reguladora do Impostos sobre Bens Inmóbles (IBI)
- Ordenanza reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE)

3º.- Que se expoñan ó público ás modificacións e aprobación de ordenanzas aprobadas, e

4º.- Que no caso de non presentarse reclamación algunha contra os mesmos consideraranse definitivamente aprobados, debendo procederse á publicación íntegra do seu contido no B.O.P.

5.- Que en todos estes casos establécese, así mesmo, que, ata a entrada en vigor destes beneficios fiscais, a aquelas sociedades ou empresas de nova implantación que así soliciten se lles aplicará a correspondente redución do importe correspondente á taxa con cargo á partida presupostaria que, con este fin, se establecerá no orzamento para o ano 2018.

TAXA DE ABASTECIMENTO: Modifícase o artigo 5, **quedando redactado** da seguinte maneira:

Establécense as seguintes bonificacións:

- * Locais comerciais: 95% do importe da taxa de abastecemento, ata 15m³, **durante o 1º ano.**
- * Fábricas e talleres: 50% do importe da taxa de abastecemento, ata 15m³, **durante o 1º ano.**

TAXA DE LIXO: Modifícase o artigo 5, **quedando redactado** da seguinte maneira:

Establécense as seguintes bonificacións:

- * Grupos medios: 95% do importe da taxa de lixo **durante o 1º ano.**
- * Grupos altos: 50% do importe da taxa de lixo **durante o 1º ano.**

TAXA DE SANEAMENTO: Modifícase o artigo 5, **quedando redactado** da seguinte maneira:

Establécense as seguintes bonificacións:

- * Grupos II e III: 95% do importe da taxa de saneamento **durante o 1º ano.**
- * Resto de grupos (a excepción do grupo I): 50% do importe da taxa de saneamento **durante o 1º ano.**

TAXA POR LICENCIA DE APERTURA: Modifícase o artigo 7, **quedando redactado** da seguinte maneira:

Establécense as seguintes taxas reducidas:

- * Actividades eventuais e actividades sometidas a comunicación previa: 100€.
- * Actividades que requiran licenza: *redución do 50% da taxa aplicable.*

** Así mesmo, considérase que non integran o feito impoñible e, como consecuencia, non están suxeitas a esta taxa aquelas actividades para as que se solicite licenza de apertura ou verificación "a posteriori" de comunicación previa para levar a cabo a súa implantación no termo municipal, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.*

TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE VERIFICACIÓN DOS REQUISITOS URBANÍSTICOS DAS CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS:

Establécese o seguinte:

O feito impoñible está determinado pola prestación de servizos administrativos consistentes na actividade municipal desenvolvida con motivo da realización de instalacións, construcións ou obras, tendente a verificar se as mesmas se realizan con suxeición ás normas urbanísticas de edificación e policía vixentes, en orde a comprobar que aquelas se axustan aos Plans de Ordenación vixentes, que sexan conformes ao destino e uso previstos, que non atenten contra a harmonía da paisaxe e condicións de estética, que cumpran coas condicións técnicas de seguridade, salubridade, hixiene e saneamento e, finalmente, que non exista ningunha prohibición de interese artístico, cultural, histórico ou monumental, xa se atopen suxeitas a preceptiva licenza municipal, ou poidan ser susceptibles de comunicación previa ou declaración responsable consonte á normativa urbanística e sectorial relacionada coa mesma vixente, así coma os servizos administrativos que se presten con relación a expedientes derivados da reposición da legalidade urbanística, no seu caso.

Non integran o feito impoñible e, como consecuencia, non están suxeitas a esta taxa aquelas solicitudes de servizos ou actividades encadrados no apartado anterior cando teñan por obxecto levar a cabo a implantación no termo municipal dunha nova empresa, así como para a ampliación dun establecemento empresarial xa existente sempre que conleve a creación de novos postos de traballo, cando o seu código CNAE corresponda a algunha actividade económica das incluídas no eido da industria 4.0 ou da Ris3.

En todos estes casos establécese, así mesmo, que, ata a entrada en vigor destes beneficios fiscais, a aquelas sociedades ou empresas de nova implantación que así soliciten se lles aplicará a correspondente redución do importe correspondente á taxa con cargo á partida presupostaria que, con este fin, se establecerá no orzamento para o ano 2018.

IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO): Modifícase o artigo 5, **quedando redactado** da seguinte maneira:

Establécese unha bonificación do 95% para as construcións, instalacións ou obras que sexan **declaradas de especial interese ou utilidade municipal** por concorrer circunstancias de **fomento do emprego**, regulada no artigo 103.2 a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo
- 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aquelas outras que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

O emprego comprometido deberá manterse, cando menos, un período de tres anos dende o inicio da actividade polo suxeito pasivo. Tal circunstancia deberá ser acreditada por este ante os servizos tributarios do concello dentro dos 15 días seguintes ao remate de cada trimestre. O non cumprimento deste requisito dará lugar o inicio do correspondente expediente de reintegro.

ORDENANZA IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI):

Artigo 1.-

O imposto sobre bens inmobles (IBI) rexerase neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras deste contidas na Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.
- b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.-

Establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles inmobles nos que teña lugar a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros nos que se amplien as instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Disposición Adicional Única.-

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final.-

A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día -- de --- ----- de ----, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final.-

As presentes modificacións fiscais entrarán en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADE ECONÓMICAS DO CONCELLO DE RIBADUMIA.-

Art. 1.

O imposto sobre actividades económicas (IAE) rexerá neste municipio:

- a) Polas normas reguladoras deste contidas na Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.*
- b) Polas tarifas e instrución do imposto, aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, do 28 de setembro, e Real decreto legislativo 1259/1991, do 2 de agosto.*
- c) Pola presente ordenanza fiscal.*

Artigo 2.-

Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, regulada no artigo 88.2 letra e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicarase do seguinte xeito:

- 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo*
- 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo*
- 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.*

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Disposición Adicional Única.-

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas leis de orzamentos xerais do Estado ou por calquera outra lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente ordenanza fiscal.

Disposición Final.-

*A presente ordenanza fiscal foi aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar o día -- de ---
----- de ----, entrará en vigor no día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo
en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.*

7º.- REVOGACIÓN DE DELEGACIÓNS DE XESTIÓN E COBRO DE IMPOSTOS NO ORAL.-

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso para explicar á Corporación que no mes de agosto de 2016 adoptouse polo pleno municipal acordo para iniciar as xestións co ORAL para a recuperación da recadación voluntaria das taxas e impostos que actualmente o Concello ten delegadas no devandito Organismo.

Informa de varias reunións e conversas e diversas accións encamiñadas a poder facer fronte á asunción por parte do Concello da xestión e cobro das taxas e impostos.

Di que acometeuse un cambio na xestión integral informática do Concello de asuntos de rexistro, contabilidade, persoal, xestión de expedientes, recadación e nestes momentos se conta con persoal que traballou neste eido.

Que nas conversas mantidas co ORAL indícase que é preciso revogar a delegación tanto da xestión e cobro en voluntaria dos distintos impostos e taxas como en executiva e que posteriormente habería que adoptar acordo para delegar novamente a executiva no ORAL ou na Xunta (iso aínda habería que valoralo).

Da conta dos datos do custo da xestión dende o ano 2012 ata o 2016.- E indica que iso é o que se aforraría o Concello do pago ó ORAL, e habería que valorar se se necesitaría máis persoal, pero que aínda así se aforraría considerablemente.

Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez para manifestar que coinciden en que seguramente a Deputación agora non funciona tan ben como en outros tempos e por iso hai que sopesar estas accións.- Que para iniciar o expediente só se presenta unha proposta (de medio folio) da revogación da delegación que ten delegada o 99% dos concellos da provincia e que iso non é suficiente para tomar unha decisión tan importante, e que esa ven sendo a dinámica de tódolos expedientes.- Que as cousas están para cambialas, pero hai que xustificar o cambio, que si a maioría dos concellos ten delegada a xestión por algo será.- Que non constan informes dos recursos que se necesitará para levar a xestión directa, nin os custos de persoal, nin quen faría a xestión catastral, cómo se faría despois a executiva, etc.

Continúa dicindo que a experiencia que se pretende levar a cabo respecto da xestión dos tributos pode resultar un desfase; que agora moitos veciños xa pagaron de máis e o concello está retendo eses cartos; que se o concello non é capaz de facer xestión ordenada desa taxa pregunta qué podería pasar co IBI, IAE e outros impostos

e taxas; que o ter un recibo inflado pode supor un desequilibrio para a economía dos veciños (que ó mellor á Sra. Martínez Troncoso non lle causa gran trastorno se se lle cobra de máis nalgún recibo porque ten unha nómina da administración, pero a maioría dos veciños non); que se o que se pretende é recuperar do ORAKL todos os tributos e a xestión dos mesmo, entenden que o grupo de goberno non está preparado para este cambio.-

Que o grupo municipal do Partido Popular vai a absterse por non contar coa documentación nin cos datos necesarios para adoptar tal decisión.

A Sra. Martínez Troncoso contesta ó Sr. Serantes que ela ten unha nómina do Sergas porque tivo que estudar e superar unha oposición para elo e ten que desempeñar un traballo e non cobrar nin moito menos 42.000 euros basicamente por ser do P.P. e ser asesor do grupo ou como outros que cobran un soldo en dietas polo mesmo motivo.

Que non coincide no que din respecto á Deputación e que o seu grupo non entre en si é mellor ou peor que antes; que eles non se casan con ninguén e se hai que criticar tamén se critica.-

Lembra que no mes de agosto de 2016 cando tratouse este asunto a Sra. Peña Muñiz dixo que o 85% dos concellos da provincia tiñan delegada a xestión e agora o Sr. Serantes Alvarez di que o 99% o moitos concellos delegaron neste ano ou manexan cifras distintas.- Respecto á documentación dos expedientes que o Sr. Serantes di que é insuficiente, lembra que a ela cando estaba na oposición se lle facía vir a velos ó Salón de plenos, cando a Sra. Peña lle parecía e tiña que autoriza-la entrega de fotocopias.- A Sra. Peña Muñiz di que a ela o ano pasado a chamaron a atención a unha traballadora por facerlle unha fotocopia e a ela a chamaron ó despacho do Alcalde por iso.

A Sra. Martínez Troncoso continúa dicindo que se estudiou o recobrar a xestión e cobro e veuse como o facían e os resultados noutros concellos que xa a teñen directa; que as delegacións actuais algunhas veñen dende o ano 1990 e antes o concello non contaba coas ferramentas informáticas e medios cos que pode contar agora.

Respecto á problemática cos recibos da auga a que fixo referencia o Sr. Serantes Alvarez di que o ORAL se comprometeu a facer as devolucións dos recibos de 2015 e 2016 no mes de decembro e aínda non o fixeron; onte remitiuselles un escrito para que expliquen porqué non a fixeron aínda; que o ter a xestión delegada depéndese doutras persoas; e que o grupo de goberno opina que é mellor levalo directamente.-

Toma a palabra o Sr. González Lede e manifesta que o que se somete á consideración do pleno é unha proposta de acordo; que neste momento goberno o

equipo de goberno e son os que valoran as vantaxes ou desvantaxes das decisións que se adoptan ou propoñen; que non é lanzar unha moeda ó aire; que trátase de recuperar a soberanía local e xestionar o mellor posible os recursos municipais; o Sr. Serantes insinuou que pensa que se adopta o acordo de revogación porque o ORAL agora o fai mal, pero os traballadores/as son os mesmos que antes e entón non entende qué pretende dicir con esa insinuación.

Que a Deputación de Pontevedra acaba de aprobar as maiores cantidades de aportación a concellos de menos de 50.000 habitantes e case a metade é para repartir entre concellos de menos de 10.000 para gastos que os concellos poden decidir libremente para que son; que nin sequera coas subvencións presidencialistas directas do Sr. Louzán ós concellos amigos acadáronse as cantidades concedidas agora.

O Sr. Alcalde da conta novamente das cantidades pagadas ó ORAL nos últimos anos; que este equipo de goberno cree que o concello é capaz de xestionar os tributos locais; respecto ó que di o Sr. Serantes de que non hai estudio respecto do acordo de revogación que se pretende adoptar, dí que o mesmo que fixo o goberno local do P.P. anteriormente para delegar algúns tributos ata o ano 2024.

Engade que se estivera en mans do concello o tema da auga xa estaría resolto hai varios meses, porque vense realizando xestións ó respecto dende que detectouse o problema e hai que segui-los pasos e datas que marca o ORAL.-

Que para calquera equipo de goberno o máis fácil é manter as delegacións aprobadas, pero este equipo é responsable ó tomar esta decisión e que o que se pretende é aforrar cartos e axilizar a xestión.- Que se fora responsabilidade do Concello xa estaría resolto fai tempo; que se pidiu ó ORAL que o solucionaran o antes posible e que preténdese aforrar uns 60.000 euros.-

O SR. Serantes dí que quere facer unha pregunta e o sr. Alcalde di que o asunto xa está debidamente deliberado e somete o asunto a votación.

O Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e seis abstencións (P.P.) acorda:

1º.- Aprobar a revogación das delegacións efectuadas a favor do ORAL da xestión e recadación en voluntaria e executiva das taxas e impostos municipais que actualmente ten delegadas:

- Xestión directa do cobro de Imposto de bens inmobles, imposto de actividades económicas e imposto de vehículos de tracción mecánica delegados mediante acordo plenario de 23 de outubro de 1992
- Xestión directa da taxa de recollida de lixo, delegada mediante acordo plenario de 27 de novembro de 1998

- Liquidación e recadación da taxa por abastecemento domiciliario de auga, delegada mediante acordo plenario de 8 de maio de 2008.
- Xestión, liquidación e recadación das altas no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica, taxa por abastecemento de auga e por recollida de lixo, delegada mediante acordos plenarios de 7/07/2011, 08/05/2008 e 07/09/2011.
- Recadación de infraccións de circulación, delegada mediante acordo plenario de 3 de novembro de 2011.

2º.- Notificar o presente acordo ó O.R.A.L., ós efectos de que o Concello poida levar directamente a xestión e recadación dos tributos locais a partires do exercicio 2018.

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente tan amplamente como sexa necesario para a total execución do presente acordo.

8º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.-

Dase conta do expediente que se ven tramitando para adoptar acordo de modificación de créditos incluídos no Presuposto de 2017, con cargo ó Remanente de Tesourería dispoñible, por terse producido gastos que non se poden aplazar.

As partidas que se pretenden incrementar son las relativas á subsanación e mellora de distintos servizos e realizar reparacións e outras melloras en vías públicas, instalacións municipais e para a realización de traballos técnicos e redacción de proxecto, adquisición de equipamentos e outros.

O Sr. Serantes Alvarez dí que van a votar en contra e que neste expediente se expresa os erros do equipo de goberno; que trae para aprobar gastos para facturas pola redacción dun proxecto que se perdeu unha subvención de 1.500.000 euros porque o proxecto ía mal feito e mal elaborado e iso provocou a perda da subvención.

Que sorprende a rapidez de que dito gasto se inclúa neste expediente cando o resultado foi o que se ten dito; se traen a modificación para pagar a varias empresas e entre elas a do asesor urbanístico e que parece que se está a traballar para favorecer a empresas e de non de Ribadumia.

A Sra. Martínez Troncoso contesta que cando alguén fae un traballo hai que pagalo; di que o Sr. Serantes falou de mala xestión e que non se estudiaban os presupostos e lembra que no ano 2014 fixéronse tres modificacións de créditos e que en xaneiro houbo un pleno no que o Sr. Oubiña solicitara que se cambiara o céspede

do campo de fútbol e o P.P. votou en contra porque dicía que non era necesario e no mes de febreiro se aprobaron os presupostos e non se incluíu e boa xestión levou á Sra. Peña a darse conta de que estaba mal e no mes de xuño fixo unha modificación de créditos de máis de 200.000 euros para iso.- Que parece que os únicos que pagan as empresas é este equipo de goberno (afortunadamente está tamén traballando no concello un técnico de Barrantes) e no ano 2014 se pagaron 31.000 euros por redacción de proxectos e parece que iso non o ven.

O Sr. Serantes di que estase a desviar a atención falando de campos de fútbol e non do proxecto a que el se refire.- Replica que a diferenza é que os proxectos que se pagaron se fixeron as obras tanto do campo de fútbol coma de calquera outra instalación coas que conta Ribadumia.- Di que se contrata a un asesor e se paga, se contrata un proxecto e se paga e se presenta un proxecto que segundo a Sra. Presidenta da Deputación non reúne os requisitos e Ribadumia se queda con cero euros de subvención, perdéndose unha axuda de 1.500.000 euros e lle sorprenden a frivolidade con que se recolle as tristes noticias que se refiren a Ribadumia.

A Sra. Martínez Troncoso lle pregunta se un avogado cando perde un pleito non cobra; que o proxecto está e se tentará facer a obra e acadar financiación.

O Sr. Alcalde di que lle gustaría responder que lle gustaría responder a todos os detalles, porque é difícil dicir tantas mentiras en tan pouco tempo.

Que o P.P. parece transmitir que durante os últimos anos non se fixeron xestións para mellorar a rede de alcantarelado e di que se puxo en contacto coa Mancomunidade para facer esa mellora, que se mellorou o servizo en Lois que tiña moitos problemas e tamén mellora o servizo a Meis.-

Respecto ao aparcadoiro da Ruta da Pedra que sacaron na prensa que o Concello gastou 50.000 euros nunha propiedade privada e di que o aparcadoiro é público e a Xunta aportou 35.000 euros e o Concello 6.000; que a propiedade dixo que a oficina de turismo dixo que está na súa propiedade e nunca se falou ou se chegou a ningún acordo con él.-

Que se vai levar a cabo a realización das beirarrúas ata a rotonda; que xa se resolveu o problema que había e xa hai cesións dos propietarios e se van retranquear os muros e que se segue a traballar por e para os veciños.

Respecto a obras e melloras de vías públicas di que estase a facer un muro en Lois e na rúa que antes os veciños chamaban rúa da vergoña e agora xa se chama rúa da Igrexa; adquiriuse unha hidrolavadora; se están a facer melloras no campo de fútbol e coa última inversión no campo había problemas de rego e se collía auga municipal e se gastaban moitos miles de litros e agora se puxeron uns depósitos para o campo de fútbol.

Realizáronse melloras na Casa de Besomaño xa que houbo que regularizar o enganche de subministro eléctrico que estaba ilegal durante 15 anos e costou uns 6.700 euros e tamén estase a legalizar o alumbeado público; realizáronse obras no Polígono; para a obra do G.D.R. aportouse 24.000 euros; hai que facer fronte a

gastos de redacción de proxecto que se solicitou axuda á Deputación; que publicaron as axudas o 16 de agosto (unhas axudas que nunca se habían convocado antes esta liña) e daban un mes para presentalo e solicitouse e non todas as axudas que se solicitan as conceden (a Xunta denegou hai pouco unha axuda de 40.000 euros para saneamento); esa liña de axudas nunca se tiña convocado e houbo capacidade de resposta para poder solicitar as axudas (máxime cando os técnicos estaban de vacacións) e houbo outros concellos do P.P. que non tiveron esa resposta e outros que tamén se a denegaron; que entón pregunta se tamén habería que pedir a dimisión dos alcaldes do P.P. que non solicitaron as axudas ou se as denegaron; que ela coma Deputada provincial tiña que haber defendido que concederan a axuda en vez de criticar.

O Sr. Serantes insiste en que estaba mal redactado e no cumpre as bases; que a Sra. Peña defende ao Concello e o único que se denegou por estar mal redactado e non cumprir as bases foi o de Ribadumia.

O Sr. Alcalde di que vanse a presentar alegacións contra esa denegación e que o proxecto redactado é válido e tentarásese de levar a cabo (se non é posible facelo completo se fará por fases) e tentar acadar financiación.

Que o Concello de Ribadumia tamén solicitou unha axuda de máis de 700.000 euros ao IDAE para mellora do alumeadado público e poderán concedela ou non pero solicitouse e se a concederan se podería aforrar uns 70.000 euros en consumo de enerxía.-

Que a Sra. Peña tamén sacou nos medios de comunicación que non se ía a levar a cabo a obras das beirarrúas de Os Castaños e vaise facer.

A Sra. Peña Muñiz pide a palabra novamente para intervir e o Sr. Alcalde di que o asunto está xa debatido suficientemente.

Rematadas as intervencións e visto que emitíronse informes de Secretaría-Intervención establecidos e que informouse pola Comisión Informativa de Contas e Facenda, o Pleno Municipal por maioría de sete votos a favor e seis votos en contra (P.P.), acorda:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 1/2017, de suplemento de créditos e créditos extraordinarios financiado con cargo ó Remanente de Tesourería, co resumo que consta no expediente.

SEGUNDO. Expoñer este expediente ó público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por espazo de quince días, durante os cales os interesado poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.- O expediente considerarásese definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; no caso contrario o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

9º.- DAR CONTA DA PRESENTACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCIERO.-

Dase conta que con data 19 de outubro o Pleno municipal prestou aprobación ao Plan Económico-financeiro do Concello e remitir ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa aprobación e/ou publicación no seu portal web, segundo corresponderá.

Dase conta que o Plan Económico Financeiro aprobado presentouse ante o Ministerio de HAcienda y Función Pública, dando conta dos datos que figuran na web do Ministerio e co resultado que figura na devandita web.

O Pleno Municipal dase por enterado do contido do Plan publicado, ratificando o contido do mesmo na súa integridade.

10º.- INFORME DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES 3º TRIMESTRE 2017.-

Dase conta de que, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004 de 29 de decembro e demais normativa aplicable, pola Tesourería elaborouse o informe de morosidade e período medio de pago a provedores correspondente ao terceiro trimestre de 2017 nos que constan o número e contía global das obrigas pendentes nas que estase a incumprir o prazo de pago, e coa incorporación do informe de Intervención das facturas respecto das cales teñan transcorridos máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro e non se teña tramitado o recoñecemento da obriga.

O Pleno Municipal por unanimidade dos Sres. asistentes dase por enterado, ratificando o contido dos devanditos informes.

11º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Serantes Alvarez di que recentemente ampliouse o prazo para xustificar as obras do Plan Concellos 2017, pero pregunta cantos proxectos están xustificadas ata a data.

Se lle indican que quedan sen xustificar dous o tres obras e o resto está xustificadas a data de hoxe.

A Sra. Peña Muñiz solicita que se estudie a posibilidade de incrementar a axuda á Escola de Música porque algún pais se puxeron en contacto con ela solicitandolo e se incrementou o número de nenos que asisten á mesma de maneira considerable.

A Sra. Peña Muñiz di que hai varios escritos presentados polo seu grupo aos que non se lle deu contestación.

Que ten solicitado copia das facturas do Sr. Dieguez Pazos e de Arquiur e reitera a petición das actas das Xuntas de Goberno.

Que solicitaron as obras e o desglose do Plan Concellos 2017 e o estado no que se atopa cada unha delas.

O Sr. Alcalde di que cando queira que veña a recoller a documentación (igual que veu a presentar o escrito e lle pide a un traballador que lle faga unha foto para publicala nos medios de comunicación.

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión sendo as vintetres horas e dez minutos de todo o cal, eu, como Secretaria, dou fe.-